

PREGUNTA DE AER SOBRE VARIOS TEMAS. (Rex. Entrada 05.09.2018, 2018-E-RPLN-16).

PLENO 06 SETEMBRO 2018. ACTA 10/2018

O Sr. Covelo dá lectura das seguintes preguntas:

Sobre patrocinio de eventos culturais en Redondela. Á pregunta de que tipo de axuda recibiu o festival “Sinsal” por parte do Concello de Redondela na pasada edición, respondeuse que foi un patrocinio directo pola relevancia que supón a difusión do nome de Redondela. Como é ben sabido, nos últimos tempos diversos eventos culturais organizados por entidades sen ánimo de lucro, mesmo antes da existencia do festival “Sinsal”, con

relevancia e nome en toda Galicia, foron desaparecendo ou mesmo atópanse en situación precaria e a piques de desaparecer polas dificultades económicas e de loxística que padecen.

Xa que se utilizan estas formulas “extraordinarias” de patrocinio por parte do goberno local, PREGUNTAMOS:

O goberno local non podería destinar eses cartos de “patrocinio” para establecer convenios de colaboración regulados con estas entidades de Redondela que tiveron ou terán que cancelar as súas programacións por falta de apoio firme institucional?”

Resposta: Sra. París: a decisión de facer a contratación é decisión política e no futuro se estudará outro tipo de colaboración ou xestión. A maiores dos premios e recoñecementos, é o primeiro festival que se preocupou de elaborar un informe de impacto na comarca na que se desenrola e estivo elaborado a través dunha tese doutoral. Voulle dar dous indicadores importantes que indican a verdade deste festival: de cada euro que se inviste se xeran 3 euros. Aproximadamente do 80% das persoas que veñen proceden de Galicia e outro 20% de fóra. A atención do persoal do festival está valorada en nove e pico sobre dez, xestión dos recursos e reciclaxe ou o escenario, tamén se valora en máis de nove.

Sr. Covelo: fago a pregunta de novo.

Alcalde: isto é unha decisión política con este festival excepcionalmente. Esa fórmula co SINSAL non se pode facer extensiva a todos. O patrocinio se fixo para o SINSAL, para os demais se fai vía subvención.